



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax.: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2020/G010/000010
Sesión núm. 8/2020

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en consonancia co Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se decretou o Estado de Alarma polo Goberno de España para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as medidas sanitarias en vigor,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello a celebrar de forma telemática nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 27 de agosto do 2020
Convocatoria: Ordinaria telemática	Hora: 20.00
	Lugar: A distancia; videoconferencia Zoom

ORDE DO DÍA

1º.- Modificación da Ordenanza Xeral de Limpeza e Medio Ambiente.

2º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 27 de xullo (núm. 1.557) ata o 20 de agosto do 2020 (núm. 1.753).

B.- Mocións.

C.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos srs. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, así como que se lles remitirá o enlace ao correo electrónico para participar na sesión media hora antes da celebración, de acordo cos métodos practicados nestes días.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, M^a del Carmen Seoane Bouzas, o 24 de agosto do 2020.